

Martiño Noriega relata o seu regreso á Medicina tras doce anos na política activa

FICHA TÉCNICA: 130 pp. 14 x 21 cms.
ISBN 978-84-18567-76-6. PAPEL FSC. PVP: 16, 90 €

O ex-alcalde de Santiago e Teo, Martiño Noriega, publica esta primavera *Os médicos tamén enferman* (Alvarellos Editora), unha crónica persoal onde relata o seu regreso á Medicina despois de doce anos na política activa. Escrito entre 2021 e 2024, este libro permítenos descubrir directamente o sentir dun médico no duro contexto da sanidade pública nestes anos, mais tamén está inspirado nas voces das persoas que escoita cada día na súa consulta de atención primaria. «Na Medicina de Familia reencontreime coa palabra acompañar, co exercicio de escoitar», escribe.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA 2025_ Doce anos despois de exercer como alcalde, primeiro no Concello de Teo, e despois en Santiago de Compostela, Martiño Noriega regresou á súa profesión, a Medicina. Esta primavera publica *Os médicos tamén enferman* (Alvarellos Editora), unha crónica persoal onde Noriega relata o seu retorno ao mundo sanitario nestes anos precarios.

Escrito entre os anos 2021 e 2024, este libro permítenos descubrir directamente o sentir dun médico no duro contexto da sanidade pública nesta época da post-Covid, mais tamén está inspirado nas voces directas das propias persoas que escoita cada día na súa consulta de atención primaria.

«Reincorporeime á medicina ao comezo da pandemia, despois de moitos anos de sobreexposición pública –afirma no Limiar–. Na Medicina de Familia reencontreime nos cuidados coa palabra acompañar, co exercicio de escoitar e co innecesario de ter que opinar de todo a todas horas. Este feixe de historias

naceron precisamente desa escoita atenta que pode ser parte da cura».

MARTIÑO NORIEGA (A Coruña 1975) é un Médico de Familia que actualmente traballa nun Centro de Saúde de Santiago. Realizou estudos avanzados en saúde pública. Debedor das ensinanzas políticas de Xosé Manuel Beiras, foi alcalde de Teo (2007-2015) e de Compostela (2015-2019), exercendo a día de hoxe o activismo como voceiro da organización Anova. Colaborador ao longo dos anos en diversos xornais, en 2012 publicou a escolma de artigos *Por un común denominador. A esquerda da nación* e no 2017 o libro de conversas co xornalista Daniel Salgado *A contradición permanente*. É pai dunha nena chamada Mara e dun neno chamado Airas.



© Eva Lago

Para contactar co autor: martinhoriega@hotmail.com

